

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público **Nº 11/2015**, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos I,II e III da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran nos anexos I e II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique nos anexos I e II da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo III desta convocatoria, no prazo de DEZ (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitios no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I e II da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de CINCO (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

Contra a exclusión definitiva poderase interponer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6.-PROCESO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvaguardando os principios constitucionais de igualdade, merito e capacidade.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte , un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente: Isabel Rodríguez-Moldes Rey , Vicerreitora de Investigación e Innovación.

Secretario: Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura nos anexos I e II destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren nos anexos I e II destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia, como minimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados e o informe do investigador propoñente valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación

de solicitudes.

A comisión, para elaborar a proposta de adxudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adxudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase ao Reitor da USC, para a súa adxudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os figuran, para cada praza en concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

11.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 59.6b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía e na páxina web da Vicerreitoría de Investigación

<http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-129>

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201- Fax 881 547 077
Correo electrónico: citinfo@usc.es
<http://imaisd.usc.es>

da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 10.1º.a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.


Santiago de Compostela, Lunes, 05 de outubro de 2015

Por delegación do Reitor

(Resolución do 19/06/2014, DOG 30/06/2014)

A Vicerreitora de Investigación e Innovación,

Isabel Rodríguez-Moldes Rey



Anexo I

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. (GRC) GI-1493 Grupo Experimental de Núcleos e Partículas GENP.
Referencia da Actividade	2013-PG078
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Benlliure Anaya, José
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Caracterización e test de calidade de cristais centelleadores e fotodiodos de avalancha para o detector CALIFA, montaxe de módulos de detección do detector CALIFA, participación nas probas de funcionamento do detector, desenvolvemento de sensores de radiación.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1770 €
Previsión da duración*	2 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física
Méritos	Experiencia en laboratorios de detectores de partículas, 25 puntos. Formación en sistemas de xestión de calidade, 10 puntos. Idiomas, 5 puntos. Publicacións científicas no ámbito dos detectores de partículas, 20 puntos. Entrevista persoal aos candidatos que superen 35 pts no cómputo dos méritos anteriores, 40 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GPC GI-1487 Laboratorio de Baixas Temperaturas e Supercondutividade
Referencia da Actividade	2014-PG050
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Vázquez Ramallo, Manuel
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Medida de propiedades de transporte e magnéticas de supercondutores baseados en ferro. Estudo do efecto de fluctuacións supercondutoras.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.173,00 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física
Méritos	Máster universitario en ciencia e tecnoloxía de materiais , 25 puntos.Experiencia no uso de equipos de magnetometría SQUID, 25 puntos. Coñecementos da teoría de fluctuacións supercondutoras, 50 puntos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GPC GI-2109 Sistemas de liberación de medicamentos e inmunoparasitoxía de zoonosesprotozoarias de transmisión hídrica
Referencia da Actividade	2014-PG054
Centro de Traballo	Farmacia
Investigador Principal	Blanco Méndez, José
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Detección de <i>Cryptosporidium</i> en troita salvaxe (<i>Salmo trutta</i>)
---------------------	---

CONDICIÓN DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	630 €
Previsión da duración*	4 meses y 1 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (20 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Bioloxía. Estar matriculado nun Programa de Doutoramento da USC
Méritos	Experiencia en análises parasitolóxicos., 20 puntos. Experiencia en <i>Cryptosporidium</i> , 40 puntos..Entrevista persoal a os tres mellores clasificados, 40 puntos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes
Referencia da Actividade	2014-PG093
Centro de Traballo	CITIUS
Investigador Principal	Barro Ameneiro, Senén
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Modelos e aplicación de tecnoloxías D2T en información meteorolóxica
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	468 €
Previsión da duración*	8 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (10 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Enxeñería
Méritos	Experiencia acreditada en análise de datos en ámbitos relacionados coas funcións e tarefas a realizar, 40 puntos. Participación en proxectos relacionados coas funcións e tarefas a realizar, 30 puntos. Entrevista persoal(aos candidatos que superen os 60 puntos nos dous apartados anteriores), 30 puntos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

Anexo II

PROXECTO

Título da Actividade	Solving Challenges in Nuclear Data (CHANDA)
Referencia da Actividade	2013-PI027
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Benlliure Anaya, José
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Contribuir al análisis e interpretación de experimentos de física nuclear y participar en el diseño de nuevos experimentos para el proyecto CHANDA.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1500,00 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física
Méritos	Expediente académico, 15 puntos. Experiencia en análise de datos de experimentos de física nuclear, 15 puntos. Presentacións en congresos internacionais, 10 puntos. Publicacións en revistas internacionais, 20 puntos. Entrevista persoal aos candidatos que superen os 35 puntos no cómputo dos apartados anteriores, 40 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

Anexo III

PROXECTO

Título da Actividade	Desarrollo de nuevas metodoloxías catalizada por metais de transición
Referencia da Actividade	2013-PN051
Centro de Traballo	CIQUS
Investigador Principal	Fañanás Mastral, Martín
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Deseño de novas rutas de síntese de compostos quirais mediante catálise metálica
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1300 €
Previsión da duración*	11 meses y 28 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (25 horas semanais)
Categoría Laboral	Doutor/a, Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Doutor/a en Química
Méritos	Tese sobre novas metodoloxías sintéticas catalizadas por metais de transición, 30 puntos.Experiencia en determinación estrutural de moléculas orgánicas (RMN, HPLC), 30 puntos.Experiencia en reaccións de catálise organometálica asimétrica, 15 puntos. Entrevista persoal aos 3 candidatos con maior adecuación ao perfil requerido, 25 ptos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Convertidores de modos ópticos por intercambio iónico, recombinadores interferométricos y conectores por escritura Láser TPA para multiplexación espacial.
Referencia da Actividade	2013-PN056
Centro de Traballo	Escola Universitaria de Óptica
Investigador Principal	Liñares Beiras, Jesús
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Asistencia técnica na fabricación de elementos ópticos de fase por intercambio iónico en vidro, na caracterización óptica de ditos elementos, e na montaxe e control optoelectrónico dos mesmos en sistemas ópticos.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1300 €
Previsión da duración*	9 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física
Méritos	Publicacións científicas en revistas do SCI-JCR no campo da óptica, preferentemente en óptica integrada clásica ou cuántica., 30 puntos. Formación en Optoelectrónica., 15 puntos. Experiencia científico-técnica xustificada en tecnoloxía de procesos de intercambio iónico en vidro e manexo de dispositivos ópticos e optoelectrónicos de caracterización do vidro procesado, 35 pts. Entrevista persoal aos dous mellores candidatos, 20 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Corpus digital de textos gallegos de la Edad Moderna. Catalogación, multiedición, glosario y estudio.
Referencia da Actividade	2013-PN134
Centro de Traballo	Instituto da Lingua Galega
Investigador Principal	González Seoane, Ernesto Xosé
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Catalogación, edición e anotación de textos gallegos da Idade Moderna
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	825 €
Previsión da duración*	6 meses y 1 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (25 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Filloxía Galega / Lingua e Literatura Galegas; Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC.
Méritos	Expediente académico, 50 puntos. Título de máster de perfil investigador, 15 puntos. Experiencia en edición e anotación de textos e xestión de bases de datos, 10 puntos. Entrevista persoal aos candidatos que obteñan un mínimo de 40 puntos nos méritos anteriores, 25 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Seguridad de los productos cosméticos: monitorización y control de colorantes, filtros solares y conservantes.
Referencia da Actividade	2013-PN155
Centro de Traballo	Química
Investigador Principal	García Jares, Carmen María
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Desenvolvemento de métodos de análise de produtos cosméticos baseados en técnicas cromatográficas, especialmente na cromatografía de gases con detectores de triple cuadrupolo, e técnicas de extracción e microextracción avanzadas.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.462,50 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Química
Méritos	Experiencia en análise de produtos cosméticos, 35 puntos. Experiencia en GC- MS/MS de triple cuadrupolo, 15 puntos. Publicacións científicas, 35 puntos. Participación en Congresos, 15 puntos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Reactor con Nanopartículas Magnéticas-Enzimáticas para la oxidación avanzada de microcontaminantes en aguas residuales.
Referencia da Actividade	2013-PN166
Centro de Traballo	Escola Técnica Superior de Enxeñería
Investigador Principal	Moreira Vilar, María Teresa
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Procesos de inmovilización de enzimas en nano e micropartículas para a degradación de compostos.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1100 €
Previsión da duración*	7 meses y 29 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (30 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Enxeñaría Química
Méritos	Cursos en nanobiotecnoloxía, 30 puntos.Experiencia en inmovilización de lacasas en nano e micropartículas, 30 puntos. Cursos en instrumentación de medida en nanopartículas, 20 puntos.Coñecemento de procesos e produtos biotecnolóxicos (curso acreditativo), 20 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Dispositivos para imagen y terapia multimodal basados en nanofósforos sobreconvertidores.
Referencia da Actividade	2013-PN216
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Taboada Antelo, Pablo
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Desenvolvemento, caracterización estrutural, das propiedades físico-químicas e avaliación biolóxica de novas plataformas multifuncionais para aplicacións biomédicas baseadas en nanopartículas sobreconvertoras.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1030 €
Previsión da duración*	12 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en física
Méritos	Máster en ciencia e Tecnoloxía de Materiais, 30 puntos.Experiencia en metodoloxías de síntese e caracterización de sistemas nanoestruturados e composites híbridos (principalmente no sector industrial), 35 puntos.Publicacións, comunicacións científicas, participación en proxectos de investigación, 25 pts. Idiomas, cursos realizados., 10 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Transglutaminasa microbiana: escalado industrial de un nuevo proceso para su producción y estudio de nuevas aplicaciones en productos lácteos.
Referencia da Actividade	2013-PN282.00
Centro de Traballo	Veterinaria
Investigador Principal	Vázquez Vázquez, Manuel
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Producción biotecnolóxica de transglutaminasa e purificación por ultrafiltración.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1223 €
Previsión da duración*	11 meses y 28 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (25 horas semanais)
Categoría Laboral	Doutor/a, Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Doutor/a en Innovación en Seguridad y Tecnología Alimentarias
Méritos	Doctorado en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, 30 puntos. Master en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, 15 puntos. Experiencias laborais previas en produción da enzima transglutaminasa, 20 puntos. Publicacións científicas relacionadas co proxecto, 15 pts. Patentes en produción de transglutaminasa, 15 pts. Participación en congresos científicos, 5 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Transglutaminasa microbiana: escalado industrial de un nuevo proceso para su producción y estudio de nuevas aplicaciones en productos lácteos.
Referencia da Actividade	2013-PN282.01
Centro de Traballo	Veterinaria
Investigador Principal	Vázquez Vázquez, Manuel
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Análise instrumental e sensorial de queixos
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1010 €
Previsión da duración*	11 meses y 28 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (25 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Licenciado/a o graduado/a en Ciencia y Tecnología de Alimentos.; Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Máster Universitario en Innovación, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, 30 puntos.Experiencia demostrable (contratos) na área de tecnoloxía de alimentos e análise sensorial, 30 puntos.Traballos de investigación en análise sensorial, 20 puntos. Experiencia en análise instrumental e uso de HPLC, 10 pts. Comunicaci3ns en congresos relacionados co tema do proxecto, 10 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Poblaciones bacterianas en criaderos de bivalvos: Procesos de patogénesis. - RETOS
Referencia da Actividade	2014-PN058
Centro de Traballo	CIBUS
Investigador Principal	Barja Pérez, Juan Luis
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Mostraxe e procesamiento de moluscos para microbioloxía. Análise fenotípico e metagenómico. Caracterización de microorganismos. Ensaio de probióticos. Coordinación cos grupos de traballo dentro do proxecto.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.714,29 €
Previsión da duración*	13 meses y 28 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Doutor/a, Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Doutor/a en Bioloxía
Méritos	Experiencia previa en microbioloxía de moluscos, 50 puntos. Publicacións, patentes, relatorios relacionados co tema, 30 puntos. Participación en proxectos relacionados co tema do traballo, 20 puntos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Inferencia en los Modelos de Regresión Aditivos Estructurados (STAR) con Extensiones a Respuestas Multivariantes. Aplicaciones en Biomedicina. - RETOS
Referencia da Actividade	2014-PN063
Centro de Traballo	CIMUS
Investigador Principal	Cadarso Suárez, Carmen María
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Implementación da técnica estatística do Joint Modelling para a identificación de determinantes da glicación da hemoglobina que permitan un diagnóstico máis acertado da diabetes e mellor control da enfermidade.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.173,00 €
Previsión da duración*	4 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Estatística ou diplomatura en Estatística
Méritos	Experiencia en métodos estatísticos para datos lonxitudinais e análise de supervivencia, 20 puntos. Publicacións relacionadas coa metodoloxía estadística do Joint Modeling, 20 puntos. Participación na elaboración de memorias científicas de tipo estatístico, 10 pts. Participación en actividades científicas ámbito internacional de estatística aplicada á biomedicina, 10 pts. Coñecemento e dominio do inglés, 10 pts. Entrevista persoal (aos candidatos que obteñan unha puntuación mínima de 40 pts. nos méritos anteriores), 30 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Uso de nanofluidos en la producción de energía eólica y en la formulación de lubricantes más eficientes. - RETOS
Referencia da Actividade	2014-PN087
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Fernández Pérez, Josefa
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Análises da estabilidade de dispersións de nanopartículas e bases de lubricantes
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.173,00 €
Previsión da duración*	1 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Enxeñería Química. Deberán estar matriculado nun Programa de Doutoramento na USC
Méritos	Expediente académico, 25 puntos. Master en Enerxía, 20 puntos. Experiencia en investigación en propiedades físicas SEM e enerxías renovables con publicacións científicas, 20 puntos. Informática: follas de cálculo e programas técnicos en enxeñería e espectroscopía, 10 pts. Inglés nivel B2 ou superior, 5 pts. Entrevista persoal aos dous candidatos que obteñan as mellores puntuacións nos apartados anteriores, 20 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Dosimetría mediante diodos de silicio 3D. - RETOS
Referencia da Actividade	2014-PN099
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Gómez Rodríguez, Faustino
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Desenvolvemento da simulación Monte Carlo dos detectores, motaxe e adquisición de datos nos feixes de ions e análise dos mesmos.
---------------------	--

CONDICIÓN DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.173,00 €
Previsión da duración*	25 meses y 29 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física; Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC.
Méritos	Máster Universitario en Física, 50 puntos. Coñecemento de idiomas (francés/inglés), 25 puntos. Coñecementos informáticos, 25 puntos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Desafíos presentes y futuros del experimento LHCb del CERN. - RETOS
Referencia da Actividade	2014-PN100.00
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Gallas Torreira, Abraham Antonio
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Análise de datos do experimento LHCb do CERN. Operación do detector Silicon Tracker do experimento LHCb. Tests con feixes de partículas dos prototipos para a mellora do detector de vértice do experimento LHCb.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1210 €
Previsión da duración*	4 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física; estar matriculado nun programa de doutoramento na USC.
Méritos	Máster Universitario en Física, 35 puntos. Enxeñería Técnica Industrial, 10 puntos. Experiencia en Física de Partículas Experimental, 20 puntos. Coñecemento en detectores de silicio resistentes a radiación, 20 puntos. Expediente académico, 15 puntos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Desafíos presentes y futuros del experimento LHCb del CERN. - RETOS
Referencia da Actividade	2014-PN100.01
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Gallas Torreira, Abraham Antonio
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Análise de datos do experimento LHCb do CERN.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1210 €
Previsión da duración*	4 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física; estar matriculado nun programa de doutoramento na USC.
Méritos	Máster Universitario, 50 puntos.Experiencia en Física de Partículas Experimental, 20 puntos.Experiencia en análise de datos de experimentos de Física de Partículas, 20 puntos.Expediente académico, 10 puntos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Desafíos presentes y futuros del experimento LHCb del CERN. - RETOS
Referencia da Actividade	2014-PN100.02
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Gallas Torreira, Abraham Antonio
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Análise de datos do experimento LHCb do CERN. Deseño, construción e estudo de prestacións do detector de vértice mellorado do experimento LHCb.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1210 €
Previsión da duración*	24 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física; estar matriculado nun programa de doutoramento na USC.
Méritos	Máster Universitario, 50 puntos.Experiencia en Física de Partículas Experimental, 12 puntos.Experiencia en análise de datos de experimentos de Física de Partículas, 10 puntos.Coñecemento da tecnoloxía de detectores de vértice de silicio altamente resistentes á radiación, 12 ptos. Expediente académico, 11 ptos. Dominio acreditado do inglés, 5 ptos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Desafíos presentes y futuros del experimento LHCb del CERN. - RETOS
Referencia da Actividade	2014-PN100.03
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Gallas Torreira, Abraham Antonio
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Responsable da caracterización do ASIC Velopix do experimento LHCb do CERN.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1550 €
Previsión da duración*	12 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións, especialidade electrónica e comunicación.
Méritos	Máster en teoría do sinal e comunicación, 40 puntos. Experiencia en líneas de transmisión de datos de alta frecuencia, 14 puntos. Experiencia en deseño de circuitos impresos, 14 puntos. Coñecemento da tecnoloxía de detectores de vértice de silicio, 10 pts. Expediente académico, 16 pts. Dominio do inglés, 6 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Desafíos presentes y futuros del experimento LHCb del CERN. - RETOS
Referencia da Actividade	2014-PN100.04
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Gallas Torreira, Abraham Antonio
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Operación do centro de computación GRID Tier2 para LHCb. Xestión e mantemento de centro de procesado e simulación de datos.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1900 €
Previsión da duración*	12 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Doutor/a, Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Doutor/a en Física
Méritos	Experiencia en procesado de datos, computación GRID, mantemento de clusters e programación no ámbito da física de partículas, 40 puntos. Publicacións e asistencia a congresos, 10 puntos. Estadías de investigación no estranxeiro, 5 puntos. Dominio do inglés, 5 pts. Entrevista persoal aos 3 mellores candidatos según a puntuación dos anteriores méritos, 40 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Calibración y reconstrucción de NEXT. - RETOS
Referencia da Actividade	2014-PN122
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Hernando Morata, José Ángel
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Participación en la construcción, operación y explotación del detector NEW. Contribución al sistema de calibración y de reconstrucción de NEXT, NEW. Estudio de la desintegración doble beta en Xenon con los datos de NEW.
---------------------	--

CONDICIÓN DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.173,00 €
Previsión da duración*	12 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física
Méritos	Estudios de master y participación en escuelas internacionales de Física de Partículas, 40 pts. Conocimientos de detectores de partículas de TPC (Time Projection Chamber), SiPM (Silicon Photomultipliers) and PMT (Photomultipliers), 10 pts. Conocimiento de los lenguajes de programación C++, Python. Conocimiento de las herramientas software que utiliza la colaboración NEXT, 30 pts. Experiencia en tareas de calibración, reconstrucción y análisis en Física de Partículas (en particular en Física de neutros), 20 pts.

*

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Deterioro cognitivo en el envejecimiento normal, DCL y EA: estudio longitudinal con marcadores cognitivos, psicofisiológicos, biológicos y de neuroimagen. - RETOS (Subproyecto coordinador).
Referencia da Actividade	2014-PN124
Centro de Traballo	Psicología
Investigador Principal	Juncos Rabadán, Onésimo
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Diseñar tarefas de avaliación da atención, memoria e linguaxe (acceso léxico, fenómeno da punta da lingua), avaliar a persoas maiores con e sen deterioración cognitiva en varios centros de atención primaria. Elaborar informes psicoxerontolóxicos, xestionar bases de datos, analizar datos lonxitudinais.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.173,00 €
Previsión da duración*	11 meses y 29 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Psicología; estar matriculado nun programa de doutoramento.
Méritos	Máster en Psicogerontología, 50 puntos.Experiencia en evaluación psicogerontológica de personas mayores en centros de atención primaria, 25 puntos.Conocimiento y práctica con la batería computadorizada CANTAB, 15 puntos. Dominio del idioma gallego, 10 p

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Estudio de la neurogénesis en cerebro embrionario y adulto desde una perspectiva evolutiva. - PROYECTOS I+D
Referencia da Actividade	2014-PN172
Centro de Traballo	CIBUS
Investigador Principal	Candal Suárez, Eva María
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Técnicas de inmunohistoquímica, hibridación in situ e bioloxía molecular en sistema nervioso e retina de <i>Scyliorhinus canicula</i> .
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.173,00 €
Previsión da duración*	12 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Bioloxía
Méritos	Máster en Neurociencia, 15 puntos.Experiencia en técnicas inmunohistoquímicas e inmunofluorescencia, 30 puntos. Experiencia en manipulación de cerebro e retina de peixes, 30 puntos.Experiencia en xenotipado, 25 puntos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	El estudio de la lengua oral: explotación y análisis de corpus. - PROYECTOS I+D
Referencia da Actividade	2014-PN210
Centro de Traballo	Filoloxía
Investigador Principal	Vázquez Rozas, María Victoria
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Revisión de parte dos arquivos XML das transcricións do corpus ESLORA e adaptación da etiquetación e metadatos para a súa integración na aplicación informática de consulta en liña.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	650 €
Previsión da duración*	3 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (15 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Filoloxía Hispánica Licenciado/a - Grao en Lingua e Literatura españolas Licenciado/a - Grao en Tradución e Interpretación (con español)
Méritos	Expediente académico, 25 puntos. Experiencia en codificación XML de textos orais, 25 puntos. Experiencia en manexo de programas de transcripción aliñada (Transcriber e ELAN), 25 puntos. Entrevista persoal (a quen supere 50 puntos nos tres apartados anteriores), 25 pts.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Escalado y variabilidad de transistores túnel de efecto campo 3D basados en nanohilos usando Si, Ge, y materiales III-V. - MODALIDAD 3 RETOS
Referencia da Actividade	2014-PN221
Centro de Traballo	CITIUS
Investigador Principal	Seoane Iglesias, Natalia
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Simulación de dispositivos semiconductores e optimización de modelos numéricos.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.173,00 €
Previsión da duración*	12 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física Licenciado/a - Grao en Enxeñería Electrónica Licenciado/a - Grao en Enxeñería en Telecomunicacións Licenciado/a - Grao en Enxeñería Química / Materiais
Méritos	Entrevista persoal aos 5 mellores candidatos segun as puntuacións dos méritos establecidos a continuación, 40 puntos. Master relacionados coas titulacións esixidas para poder concurrir a este posto de traballo, 20 puntos. Coñecemento en Física de semiconductores, 20 puntos. Expediente académico, 20 puntos.

*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN
 Oficina de Investigación e Tecnoloxía Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
 Edificio CACTUS – Campus Vida
 15782 Santiago de Compostela
 Tel. 881816201- Fax 881 547 077
 Correo electrónico:
cittinfo@usc.es
<http://imaisd.usc.es>

ANEXO IV

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PÚBLICA 11/2015 DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

Datos persoais

Nome	Apelidos	NIF
------	----------	-----

Domicilio a efectos de notificación

Rúa, número, planta, porta:	C.P.:
Municipio, provincia:	Teléfono:
e-mail a efectos notificación:	

Datos da actividade de investigación para a que presenta a solicitude

Título da actividade:
Referencia Praza : Investigador Principal:
Centro:
Tese de Doutoramento: indicar se está matriculado na Tese de Doutoramento
<u>DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: FOTOCOPIA DA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA PERSOAL , NAS PRAZAS NAS QUE SE VALORE O EXPEDIENTE DEBERÁ REFLECTIR A NOTA MEDIA, FOTOCOPIA DO TÍTULO, E FOTOCOPIA DOS MÉRITOS ALEGADOS</u>

EXPÓN

--

SOLICITA

--

_____ , a _____ de _____ de _____

Sinatura,